

Mércores, 9 de xullo de 2025

Núm. 130

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Subvencións e axudas**

*EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A ESCOLAS DE MÚSICA DEPENDENTES
DE ASOCIACIÓN S EN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2025*

*EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA,
DO 4 DE XULLO DE 2025, POLO QUE SE CONVOCAN AXUDAS A ESCOLAS DE MÚSICA
DEPENDENTES DE ASOCIACIÓN S EN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2025*

BDNS(Identif.): 844982

*De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de
subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na
Base de Datos Nacional de Subvencións ([https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/
convocatoria/844982](https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/844982))*

1. ENTIDADES BENEFICIARIAS

As entidades titulares das escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a formación musical, que estean inscritas no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, antes de rematar o prazo establecido para a presentación de solicitudes, e que teñan o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

2. OBXECTO

Serán obxecto de subvención os gastos correntes e de persoal necesarios durante o ano 2025 no desenvolvemento das súas actividades docentes para o funcionamento das escolas de música.

Non poderán ser obxecto de subvención os seguintes conceptos:

- A adquisición de instrumentos musicais
- A compra de equipos informáticos e de son
- A adquisición de mobiliario
- O desenvolvemento e o mantemento de aplicacións informáticas
- Os gastos propios da banda de música (vestiario, desprazamentos, seguros ou cotas de federacións, etc.)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 2RME1LAWB8HCFKJ9



Mércores, 9 de xullo de 2025

Núm. 130

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

Bases de subvencións aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra do 4 de xullo de 2025, Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2025, Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións e a demais lexislación aplicable

4. CONTÍA

120.000,00 €.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN

Empezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e rematará o 30 de setembro de 2025.

6. OUTROS DATOS DE INTERESE

- Solicitudes e documentación: as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>). Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, en modelo normalizado e tal como figura na base quinta.
- Durante a tramitación deste procedemento todos os trámites administrativos deberán efectuarse electronicamente a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.
- Notificacións: practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
- Criterios de valoración: os establecidos na base décima da convocatoria
- Gastos subvencionables: gastos correntes e de persoal
- Compatibilidade: si
- Forma de pagamento: transferencia
- Forma de xustificación: mediante a presentación de facturas, da conta xustificativa dos gastos na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada na que se porá de relevo que os gastos que figuran nela se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda e a acreditación da debida difusión, nos termos previstos na base décimo terceira da convocatoria.
- Prazo máximo de xustificación: 31 de xaneiro de 2026

Pontevedra, 08/07/2025

O presidente, Luis López Diéguez.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 2RME1LAWB8HCFKJ9

